

NOVOS CINEMAS. FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE PONTEVEDRA celebrarase na cidade de Pontevedra, Galicia (España), e ten como finalidade principal detectar e difundir o talento cinematográfico dos cineastas emerxentes, poñendo especial énfase no cinema de carácter autoral.

CONVOCATORIA

A finalidade desta convocatoria é seleccionar os futuros membros do **Xurado Novo da Edición O4 de Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra**, certame que se celebrará do **10 ao 15 de decembro do 2019**.

O xurado estará composto por cinco (5) persoas que outorgarán o seguinte premio da **Sección Oficial da Edición O4 de Novos Cinemas**:

- **Premio Xurado Novo** á mellor longametraxe, cunha dotación económica de 500€ en forma de Bolsa para o director/a do filme premiado.

PARTICIPANTES

Poderá participar o estudiantado da Universidade de Vigo matriculado no **Campus de Pontevedra** e todas aquelas persoas tituladas no curso académico 2018/2019 (grao, mestrado, doutoramento), no **Campus de Pontevedra**.

CONDICIÓNNS

Ser membro do **Xurado Novo** implicará dispoñibilidade total durante os seis días que dura o certame (do **10 ao 15 de decembro do 2019**).

Os membros do **Xurado Novo** comprométese a visionar TODAS as longametraxes da **Sección Oficial** coa finalidade de emitir un veredicto suficientemente motivado na xornada de deliberación.

A cada membro do **Xurado Novo** entregaráselle unha acreditación para acceder a todas as sesións de cinema do festival, vales de manutención, así como unha entrada para as galas de inauguración e clausura.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

a) Cubrir a [ficha de inscrición](#) online expoñendo as razóns polas que desexa formar parte do **Xurado Novo da Edición O4 de Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra.**

b) Adxuntar:

- DNI (en formato jpg ou pdf).
- Fotografía (en formato jpg). (Imaxe que irá no Catálogo do festival).
- Copia dixital do xustificante de pagamento da matrícula do curso 2019/2020 ou documentación que acredite que o/a solicitante se titulou no curso académico 2018/2019.

c) O prazo de presentación das solicitudes comezará o día **15 de outubro e rematará o día 09 de novembro.**

SELECCIÓN E COMUNICACIÓN

A organización do festival seleccionará cinco (5) candidatos.

O equipo de comunicación do festival porase en contacto coas persoas seleccionadas e publicará a listaxe na web do festival (<http://www.novoscinemas.com>) e na web da **Vicerreitoría do Campus de Pontevedra** (<http://campuspontevedra.uvigo.es/>).

ACEPTACIÓN DAS BASES e CESIÓN DE DEREITOS

A inscrición como Xurado Novo no festival NOVOS CINEMAS implica a aceptación e o compromiso de cumprimento destes requisitos.

A organización de NOVOS CINEMAS se reserva o dereito de facer excepcións puntuais a estas bases por forza causa maior.

Para calquera outra información, comunicarse no mail:
info@novoscinemas.com